

**13/2019. ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA DO CONCELLO DE MUGARDOS REALIZADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019 COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019.**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as once horas do día quince de xuño do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnen, en sesión pública e para dar cumprimento ós artigos 195 e 196 da L.O.R.E.X., e 13 e seguintes do Regulamento Orgánico de Funcionamento Municipal, os Sres./as. Concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, que son os seguintes, según consta na Acta de Proclamación de candidatos electos/as remitida pola Xunta electoral de Zona.

**I.- CANDIDATURA DO PARTIDO POPULAR (PP):**

D. Juan Domingo de Deus Fonticoba.  
Dna. Ana María Varela Bastida.  
D. José Miguel Mahía Prados.  
Dna. Begoña Roldós Iglesias.  
D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.

**II.- CANDIDATURA DE ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN:**

Dna. María del Pilar Díaz Otero.  
D. Iván Martínez González.  
Dna. María Dolores González Lorenzo.  
D. Genaro Prieto Iglesias.

**III.- CANDIDATURA DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE):**

D. José Ángel Martínez Bardanca.  
Dna. Marta Ruiz del Ganso.  
D. Ignacio Fernández Fernández.

**IV.- CANDIDATURA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG):**

D. Argemino Varela Filgueiras

Actúa como Secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias, quen fai constar que foron cumprimentados por tódolos/as Concelleiros/as electos/as os requisitos que preceptúan os artigos 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 7 do R.O.F..

Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

**- FORMACION DA MESA DE IDADE**

Tra-la lectura polo secretario da corporación do artigo 195 da L.O.R.E.X., procédese á formación da Mesa de Idade, que queda integrada polo Concelleiro electo de maior idade entre os asistentes, D. Genaro Prieto Iglesias, que pasa a presidila, e polo de menor idade entre os asistentes,

D. José Miguel Mahía Prados, actuando como Secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

### **- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO/A.**

Unha vez constituída a Mesa de Idade e comprobadas as credenciais presentadas pola totalidade dos/as Concelleiros/as electos/as con base á certificación remesada pola Xunta Electoral de Zona, así como que polos/as mesmos/as se ten dado cumprimento ó disposto no artigo 75.7 da lei 7/85, do 2 de abril, pola Presidencia da Mesa procédese, en cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, a tomar xuramento ou promesa do Cargo, seguindo a fórmula establecida polo R.D. 707/1979 do 5 de abril, contestando “Si, xuro” o concelleiro do Partido Popular, sr. D. Juan Domingo de Deus Fonticoba; “Si, xuro”, a concelleira do Partido Popular, sra. Dna. Ana María Varela Bastida; “Si, xuro”, o concelleiro do Partido Popular, sr. D. José Miguel Mahía Prados; “Sí, xuro”, a concelleira do Partido Popular, sra. Dna. Begoña Roldós Iglesias; “Sí, xuro”, o concelleiro do Partido Popular, sr. D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado; “Si, prometo”, a concelleira de Esquerda Unida-Son en Común, sra. Dna. María del Pilar Díaz Otero; “Si, prometo”, o concelleiro de Esquerda Unida-Son en Común, sr. D. Iván Martínez González; “Sí, prometo”, a concelleira de Esquerda Unida-Son en Común, sra. Dna. María Dolores González Lorenzo; “Si, prometo”, o concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sr. D. José Ángel Martínez Bardanca; “Sí, prometo”, a concelleira do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sra. Dna. Marta Ruiz del Ganso; “Sí, prometo”, o concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, sr. D. Ignacio Fernández Fernández; “Si, prometo por imperativo legal”, o concelleiro de Bloque Nacionalista Galego, sr. D. Argemino Varela Filgueiras; e “Sí, prometo”, o concelleiro de Esquerda Unida-Son en Común, sr. D. Genaro Prieto Iglesias.

### **DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN**

Cumpridos os requisitos anteriores e comprobado así mesmo que se cumpre coa esixencia establecida polo artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, 16 do Regulamento Orgánico de Funcionamento Municipal e 37.4 do R.O.F., a mesa declara constituída a Corporación.

### **- ELECCIÓN DO ALCALDE/ALCALDESA.**

Seguidamente procédese, en cumprimento do disposto nos artigos 196 da xa citada Lei Orgánica 5/85, ao que se dá lectura polo secretario da corporación, e 40 do R.O.F., á proclamación de candidatos/as para a elección de Alcalde/Alcaldesa de entre os/as Concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentadas e proclamadas as seguintes:

#### **Nome e apelidos dos/as Candidatos/as**

MARIA DEL PILAR DIAZ OTERO

JUAN DOMINGO DE DEUS FONTICOPA

#### **Lista ou candidatura na que están integrados**

ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN

PARTIDO POPULAR (P.P.)

Renuncian a presentar candidatos as listas do PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE) e do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).

Acto seguido, e dado que ningún grupo solicita que a votación sexa segreda mediante papeleta, procédese, mediante o sistema de votación por chamamento, á elección de Alcalde/alcaldesa, procedéndose pola Mesa de Idade a efectuar o chamamento dos/as concelleiros/as, pola orde establecida na Acta de Proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol e en último lugar o Presidente da Mesa de Idade, respondendo os/as concelleiros/as que dan o seu voto para alcalde/alcaldesa aos/as candidatos/as presentados/as, tal e como se relaciona de seguido:

- D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, dou o meu voto para Alcalde para Juan Domingo de Deus Fonticoba.
- Dna. Ana María Varela Bastida, dou o meu para Alcalde a Juan Domingo de Deus Fonticoba.
- D. José Miguel Mahía Prados, dou o meu voto para Juan Domingo de Deus Fonticoba.
- Dna. Begoña Roldós Iglesias, dou o meu voto para Alcalde para Juan Domingo de Deus Fonticoba.
- D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, dou o meu voto para Alcalde para Juan Domingo de Deus Fonticoba.
- Dna. María del Pilar Díaz Otero, dou o meu voto para Alcaldesa a Dna. María del Pilar Díaz Otero.
- D. Iván Martínez González, dou o meu voto para Alcaldesa a Dna. María del Pilar Díaz Otero.
- Dna. Dolores González Lorenzo, dou o meu voto para Alcaldesa a Dna. María del Pilar Díaz Otero.
- D. José Ángel Martínez Bardanca, dou o meu voto para Alcaldesa a María del Pilar Díaz Otero.
- Dna. Marta Ruiz del Ganso, dou o meu voto para Alcaldesa a María del Pilar Díaz Otero.
- D. Ignacio Fernández Fernández, dou o meu voto para Alcaldesa a María del Pilar Díaz Otero.
- D. Argemino Varela Filgueiras, nós non lle vamos a dar o voto a ninguén, ímonos abster.
- D. Genaro Prieto Iglesias, dou o meu voto a Dna. María del Pilar Díaz Otero.

E unha vez efectuada a votación por chamamento obtense o seguinte resultado:

- Candidata de Esquerda Unida-Son en Común, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero: 7 votos a favor, dos/as concelleiros/as Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso e D. Ignacio Fernández Fernández.
- Candidato do Partido Popular (PP), D. Juan Domingo de Deus Fonticoba: 5 votos a favor dos/as concelleiros/as D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias e D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado.
- E unha abstención, do concelleiro D. Argemino Varela Filgueiras.

A Mesa de Idade, comprobado que a candidata de Esquerda Unida-Son en Común obtén a maioría absoluta dos votos dos/as Concelleiros/as, proclama Alcaldesa electa do Concello de Mugardos a Dna. MARÍA DEL PILAR DÍAZ OTERO, candidata de ESQUERDA UNIDA-SON EN COMÚN, tal e como establece o artigo 196.b) da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e o artigo 17 do Regulamento Orgánico de Funcionamento Municipal.

## **- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE/ALCALDESA**

Pola Mesa de Idade procédese a tomar xuramento ou promesa do Cargo de Alcaldesa a Dna. MARÍA DEL PILAR DÍAZ OTERO, quen contesta á fórmula da pregunta establecida no R.D. 707/1979, dicindo “SI, PROMETO”, tomando posesión do Cargo de Alcaldesa neste acto ante o Pleno da Corporación, pasando a ocupa-la Presidencia.

**A sra. Alcaldesa** elixida pronuncia unhas palabras que de seguido se transcriben: Bueno, en primeiro lugar agradecer a vosa presenza aquí. Agradecer a tódolos cidadáns que o día 26 de maio faláron, e polo tanto fixeron que esta corporación teña a representación que hoxe ostenta aquí, reflexada nos trece concelleiros e concelleiras, todos e cada un de nós no papel que nos corresponde, elixidos para traballar polo ben de Mugardos, e estou segura de que así o imos a facer os trece concelleiros e concelleiras. Non poido deixar de facer unha referencia ao Partido Socialista de Galicia-PSOE de Mugardos polo acordo que creo que vai a ser fructífero, que non só nos vai a permitir traballar no Goberno senón abrir unha nova etapa en Mugardos. Recordar por último, non vamos a facer un discurso extenso, que fai... este ano é o 40 aniversario da constitución dos concellos democráticos e polo tanto tamén neste momento volve a estar sentada na Alcaldía unha persoa que se sente vinculada a aquela corporación, aquela corporación que foi presidida, por maioría absoluta, naquel caso por Ángel Cortizas. Recordar a tódolos alcaldes que pasaron por aquí neste momento tan importante, dende Fariña, Monso, Barcia, Juan Domingo, e que polo tanto esta corporación vai a seguir camiñando moitos anos máis de democracia, e moitos anos máis de convivencia, de diálogo, de debate e de intercambio de posicións. E como non podía ser menos tamén, pola cercanía da súa morte dos concelleiros e concelleiras que xa non están aquí, incluídos os alcaldes, a Juan Santiago Cortizas, concelleiro deste... deste pobo durante varios anos que faleceu fai poucos días. A todos moitas grazas, e o Concello estará aberto para todos como sempre, e aquí vades ter nos trece concelleiros trece persoas que defendan os intereses de Mugardos. Grazas a todos, se levanta a sesión.

## **- CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 36.2 DO REAL DECRETO 2568/86, DO 28 DE NOVIEMBRE.**

Polo Secretario da Corporación infórmase que queda a disposición dos/as concelleiros/as tanto a acta de arqueo extraordinaria como o inventario de bens, dando así cumprimento ao establecido no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro.

**Sra. Alcaldesa:** Pois agora si, se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e dezasete minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe  
A ALCALDESA